

**ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA
SOBRE A COMPENSACIÓN ECONÓMICA POLA ASISTENCIA LETRADA GRATUÍTA**

Reunidos en Santiago de Compostela, o 20 de outubro de 2017,

Dunha banda, **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, en relación co Decreto 394/1994, do 29 de decembro, polo que foron asumidas as funcións sobre medios materiais e económicos para o funcionamento de Administración de xustiza, traspasadas á Xunta de Galicia polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro.

Doutra banda, **Félix Mondelo Santos**, presidente do Consello da Avogacía Galega, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 10, en relación co artigo 2º.2.1, dos estatutos do Consello da Avogacía Galega, aprobados polo Decreto 130/1993, do 3 de xuño.

EXPOÑEN

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que *a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar*. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

Polo que atinxe a esta materia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe plenas competencias, xa que a través do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, fóronlle transferidos pola Administración do Estado os medios materiais e económicos para o

funcionamento da Administración de xustiza, entre os que se atopa o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

Logo de se manteren durante varios anos as cantidades indemnizadoras pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas, cantidades recolleitas no baremo que individualiza cada prestación da quenda de oficio, nos orzamentos da Xunta de Galicia para esta materia estableceuse un incremento global dun 10% coa finalidade de actualizar as ditas cantidades, e introducíronse así mesmo outros conceptos ata o de agora non recolleitos.

Polas razóns anteditas iniciouse un proceso de consultas entre o Consello da Avogacía Galega e a Xunta de Galicia con base no artigo 39 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece o procedemento de actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas, logo de consulta aos colexios profesionais de avogados.

Froito das ditas negociacións é o acordo reflectido no presente documento, que entrará en vigor no último trimestre de 2017.

Dado que a tramitación dos pagamentos aos colexios para indemnizar pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas levados a cabo por avogados se realiza a trimestre vencido tras a xustificación daqueles, a anualidade económica para os efectos deste acordo é a comprendida polo último trimestre dun ano e os tres primeiros trimestres do ano seguinte, de modo que o horizonte temporal do presente documento comprende catro destas anualidades.

Así, o acordo acolle nos dous primeiros anos de vixencia a suba que reflicte o anexo, para logo, a partir do 1 de outubro de 2019, actualizarse as cantidades mediante a aplicación da variación do índice galego de prezos ao consumo (IPC) do ano anterior. Deste xeito, revisarase co IPC galego o baremo vixente para as outras dúas anualidades económicas, comprendidas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2021.

Por último, durante o ano 2021 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza abrirá un novo proceso de consultas coa avogacía, a través das súas institucións colexiais, para revisar o baremo de compensación económica

que estea vixente no último exercicio económico, o comprendido entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

En consecuencia, adóptanse os seguintes

ACORDOS

Primeiro. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo dos trámites que correspondan, realizará as actuacións precisas para:

- a) Establecer, con vixencia desde o 1 de outubro de 2017 e ata o 30 de setembro de 2019, os módulos e bases da indemnización polos servizos contidos no anexo deste instrumento.
- b) Os ditos módulos e bases actualizaranse conforme o IPC galego nas dúas anualidades económicas seguintes, as comprendidas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro do ano 2021, data da finalización temporal deste acordo.

Segundo. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza abrirá un novo proceso de consultas coa avogacía, a través das súas institucións colexiais, para revisar o baremo de compensación económica vixente ata a última anualidade que acolle este acordo, a comprendida entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

De conformidade con canto antecede, subscriben o presente documento no lugar e coa data indicados.

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza,

O presidente do Consello da Avogacía
Galega,

Alfonso Rueda Valenzuela

Félix Mondelo Santos

ANEXO

MÓDULOS E BASES DA INDEMNIZACIÓN POLO SERVIZO

AVOGADOS/TIPOLOXÍA

Asistencia ao detido ou preso

Denominación	Módulo
Asistencia individualizada	112,00 €

Xurisdición penal

Denominación	Módulo
Procedemento ante o tribunal do xurado	500,00 €
Asistencia diaria á vista ante o tribunal do xurado a partir do segundo día	119,00 €
Procedemento ordinario por delito	475,00 €
Procedemento abreviado de especial complexidade (causa de máis de 1.000 folios)	475,00 €
Procedemento penal abreviado	345,00 €
Procedemento de axuizamento rápido de delitos sen conformidade	355,00 €
Procedemento de axuizamento rápido de delitos con conformidade	235,00 €
Procedemento para o xuízo sobre delito leve	155,00 €
Menores. Proceso terminado con sentenza	240,00 €
Menores. Proceso con outras formas de terminación	180,00 €
Recurso ante o xulgado de vixilancia penitenciaria con intervención preceptiva ou designación de avogado por requirimento xudicial, conforme o artigo 21 da Lei de asistencia xurídica gratuíta	160,00 €

Denominación	Módulo
Recursos de apelación a sentenzas e autos finais. Proceso por delito	160,00 €
Recursos de apelación. Procedemento sobre delitos leves	130,00 €
Defensa xurídica inmediata da muller en dilixencias policiais, tramitación da orde de protección e procedementos administrativos que traian causa directa ou indirecta de violencia doméstica	112,00 €
Defensa xurídica do presunto agresor na comparecencia xudicial da orde de protección	95,00 €

Xurisdición civil

Denominación	Módulo
Procedemento ordinario	360,00 €
Xuízo verbal	240,00 €
Proceso contencioso de familia completo	355,00 €
Proceso de familia de mutuo acordo	240,00 €
Medidas provisionais e simultáneas en procesos de familia	95,00 €
Modificación de medidas definitivas en procesos de familia	330,00 €
Proceso sobre filiación ou capacidade, agás os internamentos do artigo 763 da Lei de axuizamento civil	240,00 €
Monitorio	119,00 €
Actuación nun proceso como contador partidor	260,00 €
Proceso de división xudicial de patrimonios completo	240,00 €
Execucións de títulos xudiciais con oposición e posteriores a dous anos	180,00 €
Cambiario e execución de títulos non xudiciais	180,00 €
Expedientes de xurisdición voluntaria e internamento non voluntario por razón de trastorno psíquico	180,00 €
Recursos de apelación	160,00 €

Xurisdición contencioso-administrativa

Denominación	Módulo
Recurso contencioso-administrativo. Procedemento ordinario	360,00 €
Recurso contencioso-administrativo. Procedemento abreviado	240,00 €
Vía administrativa (estranxeiría e asilo)	119,00 €
Recursos de apelación	160,00 €
Entrada en domicilio	112,00 €

Xurisdición social

Denominación	Módulo
Procesos da xurisdición social (ordinarios e especiais)	265,00 €
Recursos de suplicación	160,00 €

Xurisdición militar

Denominación	Módulo
Proceso íntegro	225,00 €

Recursos de casación e amparo

Denominación	Módulo
Recurso de casación	360,00 €
Recurso de casación cando non se formaliza e hai só anuncio	110,00 €
Recurso de amparo	360,00 €

Actuacións extraprocesuais

Denominación	Módulo
Transaccións extraxudiciais	(*) 75 %
Informe motivado da insostibilidade da pretensión	80,00 €
Desistencia previa ao proceso por pasividade da persoa axuizable, estudo e preparación do asunto, previos á presentación da demanda	(*) 30 %

Normas xerais

Denominación	Módulo
Saídas a centros de prisión e centros de internamento de menores en réxime pechado (máximo de dúas saídas por proceso)	30,00 €
Desprazamentos para a asistencia a xuízo oral penal (avogados con despacho oficial nun partido xudicial distinto ao da sede do xulgado do penal ou da audiencia provincial)	41,00 €
Medidas cautelares e dilixencias preliminares	100,00 €
Reconvención	119,00 €
Achantamento	(*) 30 %
Execución de sentenza posterior aos dous anos de proferida a resolución xudicial, agás na xurisdición civil	(*) 30 %

() Sobre o módulo aplicable ao procedemento*